



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROXECTO DE POLIGONO AGROFORESTAL DE		DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

A PERSOA DECLARANTE ACTÚA COMO:

- ☐ Persoa promotora
- ☐ Representante da persoa ou entidade promotora, acreditada por declaración responsable da persoa declarante, que se identifica de seguido

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE REPRESENTADA:

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- ☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		



BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que ten interese en participar, no caso de que se inicie, no procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal, previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, mediante a inclusión, no perímetro que se fixe, das parcelas das que a persoa titular é propietaria, ou, de ser o caso, a persoa titular das facultades de uso e aproveitamento sobre elas, e que se relacionan nesta declaración responsable.
3. Que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para participar no polígono agroforestal.
4. Que dispón da documentación que así o acredita e que a poñerá ao dispor da Administración cando lle sexa requirida.
5. Que se compromete a manter o cumprimento das obrigas que figuran no documento durante o período inherente ao da aprobación do polígono agroforestal.

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE AUTORIZA:

1. A entrada do persoal do sector público autonómico, definido no artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e do persoal das persoas contratistas e subcontratistas daquel, nas parcelas que se relacionan nesta declaración responsable, co fin de levar a cabo labores de levantamento topográfico, de investigación e información da propiedade, da clasificación dos terreos, emisión de informes técnicos e calquera outra labor relacionada co polígono agroforestal, sempre e cando non se causen danos ao predio, ás construcións e instalacións, ao sementado ou plantado.
2. A solicitar e obter información catastral: datos catastrais, certificación de titularidade, consulta de bens inmobles, certificación catastral descriptiva e gráfica.
3. A solicitar e obter información rexistral: nota simple informativa rexistral, nota de localización, certificación rexistral.
4. De ser o caso, a entrada do persoal sinalado no apartado 1 para a realización de tarefas de acondicionamento das devanditas parcelas que correrá a cargo da administración, renunciando expresamente a calquera tipo de reclamación en relación ao obxecto desta autorización. Se a persoa titular do predio adherido ao proxecto solicita a súa retirada antes da súa posta en marcha, deberá asumir os gastos ocasionados polas actuacións realizadas no predio.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ DNI/NIE da persoa física declarante.
- ☐ DNI/NIE da persoa física representante.
- ☐ NIF da entidade declarante.
- ☐ ANEXO I. CUMPRIMENTACIÓN REQUERIMENTOS
- ☐ 1. Identificación do perímetro do polígono agroforestal proposto.
- ☐ 2. Obxectivos do polígono agroforestal proposto.
- ☐ 3. Acordo das persoas propietarias e/ou representantes da superficie do polígono agroforestal proposto.
- ☐ 4. Acreditación de medios persoais e técnicos para a execución do polígono agroforestal proposto. (* Ver cadro con excepcións)
- ☐ 5. Plan de negocio do proxecto produtivo do polígono agroforestal proposto. (* Ver cadro con excepcións)
- ☐ 6. Documento ambiental da zona do polígono agroforestal proposto.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Dado que o procedemento non foi obxecto de habilitación electrónica, os documentos relacionados non poden ser obxecto de consulta ás administracións públicas, polo que terán que ser presentados polas persoas interesadas

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. A execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición desta de medidas precontractuais.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas titulares dos dereitos de aproveitamento sobre as parcelas incluídas no perímetro do polígono agroforestal con facultades para arrendalas conforme á lexislación civil. Publicación a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SINATURA DA PERSOA PROMOTORA OU REPRESENTANTE

--

Lugar e data

	,		de		de		
--	---	--	----	--	----	--	--

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural